

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Teresa Rivas Brea	
Enderezo electrónico: trivas@uvigo.es	Teléfono: 986 811 922
<b>Codirección do proxecto</b>	
Nome: José Santiago Pozo Antonio	
Enderezo electrónico: ipozo@uvigo.es	Teléfono: 986 814 077
<b>Bienio</b>	2022-2024
<b>Número de participantes (máx. 4)</b>	4

### Título

INVESTIGANDO O TEU CONTORNO FÍSICO DA MAN DO TEU PATRIMONIO CULTURAL CONSTRUIDO

### Resumo

Este proxecto busca que as rapazas e rapaces coñezan o seu contorno físico (xeoloxía, relevo, etc.) así como que estuden os efectos que a contaminación e o cambio climático poden ter nas obras monumentais que constitúen o patrimonio cultural construído en rocha da súa zona. Para iso, o proxecto terá como punto de partida a identificación dos principais obxectos (monumentos ou fachadas) que se atopan na zona do IES para posteriormente analizar e caracterizar o material construtivo e do seu estado. Finalmente toda esta información incorporase nun Sistema de Información Xeolocalizada (SIX) para poder difundir entre o demais membros da comunidade o valor histórico-artístico do seu patrimonio.

### Obxectivo

Adquirir coñecementos sobre a xeoloxía dos seu contorno. Coñecer os procesos de deterioro que afectan ás rochas.  
Coñecer os compoñentes físicos e bióticos do contorno e a súa interacción coa pedra. Dar valor ao patrimonio xeolóxico e cultural construído do contorno.

### Plan de traballo

Formación en xeoloxía da zona e da identificación dos axentes de deterioro que poden influír aos monumentos.  
Identificación dos principais obxectos de patrimonio cultural da zona.  
Formación en emprego de mapa xeolóxicos con fin de identificar os materiais rochosos presentes na zona elixida.  
Formación en identificación e caracterización de rochas. Traballo de laboratorio  
Formación en novas tecnoloxías aplicadas. Con obxectivo de crear o SIX, o alumnado deberá adquirir os coñecementos necesarios para tal efecto.